

gexafd@gmail.com

A Coruña

Contacto

<https://udc.gal/es/mulleredeportel-xornada-internacional>



8 y 9 de OCTUBRE de 2021

JORNADA  
INTERNACIONAL

# Sexismo en el contexto físico-deportivo y experiencias para el cambio.

Plataforma Zoom

Web

Online

Financian /



Instituto de las  
MUJERES



Organiza /



ESAFEX  
Educación, Saúde e Actividade Física:  
Estudios de Xénero  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Colaboran /



UNIVERSIDAD  
COMPLUTENSE  
MADRID



COLEF GALICIA  
Colección de Colef Galicia  
Colección de Colef Galicia  
Colección de Colef Galicia

## SEXISMO NO CONTEXTO FÍSICO-DEPORTIVO E EXPERIENCIAS PARA O CAMBIO

**Autoras:** López Villar, Cristina; Castro García, Marina; López López, Claudia; Noya Casas, Lucia; Fraga Pena, Natalia

**Edita:** Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións  
<<http://www.udc.gal/publicacions>>

**Revisión de textos:** Servizo de Normalización Lingüística da UDC

**Maquetación:** Roberto Silva Piñeiro

N.º de páxinas: 14

29,7x21 cm

URL permanente: <http://hdl.handle.net/2183/29845>

D.L.: C 285-2022



Esta obra publícase baixo unha licenza Creative  
Commons Atribución-NonComercial-  
Compartirlgual 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0)

Financian /



Organiza /



Colaboran /



# INDICE

---

## **1.Presentación**

## **2.Inauguración oficial**

**3.Relatorio inaugural** “Relacións de xénero en educación secundaria. Estratexias, a través da actividade físico-deportiva, para promover interaccións de equidade libres de violencia e intimidación”.

**4.Mesa redonda:** As redes e o seu papel na coeducación.

## **5.Experiencias para o cambio (I)**

**6.Relatorio** “An activist approach to working with girls in Physical Education: A critical pedagogy of affect in the age of precarity” Unha achega activista para traballar con rapazas en Educación Física: unha pedagogía crítica dos afectos na era da precariedade.

## **7.Experiencias para o cambio (II)**

## **8.Experiencias para o cambio (III)**

**9.Obradoiros:** Creación de estratexias para a igualdade no deporte.

- a. Prevención da violencia de xénero en Educación Física.
- b. Estratexias para a igualdade na xestión deportiva.
- c. Coeducación en Educación Física.
- d. Busca de novas masculinidades e deporte.

# PRESENTACIÓN

Este documento pretende divulgar os contidos da I Xornada Internacional “Sexismo no contexto físico-deportivo e experiencias para o cambio” que tivo lugar, en formato en liña, os días 8 e 9 de outubro de 2021, organizada pola Universidade da Coruña e coa subvención do Instituto das Mulleres. Ademais, contouse coa colaboración de diferentes entidades e asociacións de mulleres que participaron na Xornada, así como co Colexio Profesional de Licenciadas e Licenciados en Educación Física de Galicia (COLEF Galicia), que colabora na súa divulgación.

O obxectivo principal do encontro foi crear un espazo de intercambio e xerador de ideas para difundir a necesidade da coeducación como ferramentas para traballar na (e para) a igualdade de xénero no contexto físico-deportivo. Para iso, leváronse a cabo conferencias, unha mesa redonda, houbo tres espazos onde compartir experiencias para o cambio e, por último, desenvolvéronse catro obradoiros para a creación de recursos e estratexias para a igualdade no deporte.

A través desta publicación poderase acceder ao contido gravado ao longo da Xornada, así como aos resumos dos temas tratados nos talleres. A primeira conferencia leva o título “Relacións de xénero en educación secundaria. Estratexias a través da actividade físico-deportiva, para promover interaccións de equidade libres de violencia e intimidación”, coincidindo co título de proxecto I+D+i ao que se vincula esta xornada e que foi subvencionado polo Programa Estatal de I+D+i orientado aos Retos da Sociedade.

Dende o comité organizador da Xornada, esperamos que o presente documento sirva para promover a necesidade de seguir traballando pola igualdade, alén de aproximar e difundir investigacións, ideas, reflexións e experiencias para transformar, entre todas e todos, a realidade que se vive nos diferentes espazos relacionados co contexto físico-deportivo.

## COMITÉ ORGANIZADOR

# INAUGURACIÓN OFICIAL

<https://tv.udc.gal/video/61fa853e11cad113448b4580>

**Cristina López Villar**, vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deportes (Universidade da Coruña).

**María José Abad López**, subdirectora da Oficina de Igualdade (Universidade da Coruña).

**Marta Bobo Arce**, directora da Área de Deportes (Universidade da Coruña).

## RELATORIO INAUGURAL

**Relacións de xénero en educación secundaria. Estratexias, a través da actividade físico-deportiva, para promover interaccións de equidade libres de violencia e intimidación.**

Elena Ramírez Rico (Universidade Complutense de Madrid).

*Resumo:*

Explicación do proxecto I+D+i REGeES, dirixido pola Dra. Elena Ramírez Rico. Na citada presentación reflíctese a importancia de elaborar estratexias para a prevención da violencia de xénero en contextos educativos con base nas evidencias do estudo realizado. Parte do proxecto pódese consultar nesta ligazón web: <https://www.ucm.es/proyectoregees>.

Ademais, cabe destacar que, como parte do proxecto, se creou unha Rede pola Igualdade que ofrece: estratexias, actividades e retos para as clases, que irán aparecendo na web progresivamente; información sobre as propostas que se lancen desde diferentes centros; e asesoramento das e dos profesionais do proxecto que se poden consultar na web.

Así mesmo, a Dra. Ramírez Rico anima ás persoas asistentes a seguiren o proxecto a través de todas as súas redes:

- Twitter: <https://twitter.com/EFporlaigualdad>
- Instagram: <https://www.instagram.com/efporlaigualdad/>
- Facebook: <https://www.facebook.com/EFporlaigualdad>
- TikTok: <https://vm.tiktok.com/ZM8br7QfR/>

## MESA REDONDA: AS REDES E O SEU PAPEL NA COEDUCACIÓN

<https://tv.udc.gal/video/61fa872311cad1b6448b4575>

*Comunicacións da mesa:*

**Redes sociais e deporte: o estado da cuestión.** Claudia López López (Universidade da Coruña).

**Dúas caras dunha mesma moeda:** redes sociais, xénero e deporte. Joaquín Piedra de la Cuadra (Universidade de Sevilla).

**As cuestións de género no desporto:** mudançais com as redes sociais? Paula Silva (Universidade do Porto).

*Resumo:*

Os medios dixitais presentáronse como novos espazos con fortalezas e debilidades para traballar a equidade de xénero, e como contribúen a novos imaxinarios corporais e novas relacións de poder no contexto físico-deportivo.

## EXPERIENCIAS PARA O CAMBIO (I)

<https://tv.udc.gal/video/61fa8cda11cad112448b4589>

*Comunicacións presentadas:*

**As nenas xogan ao rugby:** un club con oportunidades para todas. Carla da Silva Castro (vicepresidenta do Club de Rugby Fendetestas).

**Asociación de Profesorado de Educación Física ADAL-Efecto igualdade.** Mario Martínez Colmenarejo (responsable da Área de Muller e Igualdade da Asociación e coordinador do proxecto Efecto Igualdade).

**Presentación de deportes coeducativos.** Brigantias Roller Derby e Liga Mixta de Fútbol Gaélico.

*Resumo:*

Neste bloque preséntanse intervencións de éxito dirixidas a diferentes colectivos e dende distintos ámbitos (o contexto do deporte formal e o contexto da educación física), mais todas elas enfocadas na promoción da igualdade de xénero.

## RELATORIO

<https://tv.udc.gal/video/61fa8b6111cad1b6448b4582>

**An activist approach to working with girls in Physical Education: A critical pedagogy of affect in the age of precarity.** David Kirk (Universidade de Strathclyde).

*Resumo:*

No relatorio do Dr. David Kirk (University of Strathclyde), abordouse a importancia de diferentes tipos de pedagogías (pedagogía do afecto, pedagogía crítica, pedagogía de xustiza social) e como desde elas se poden articular enfoques activistas da educación física.

## EXPERIENCIAS PARA O CAMBIO (II)

<https://tv.udc.gal/video/61fb9dc711cad1b6448b45ea>

*Comunicacións presentadas:*

**Asociación de Mulleres no Deporte Profesional.** Pilar Calvo Santos-García (secretaria xeral da Asociación e especialista en políticas de igualdade).

**Asociación de Mulleres Deportistas Galegas.** Mercé Barrientos Varela (presidenta da Asociación e profesora de educación secundaria).

**Deportígalízate: unha experiencia educativa.** Marina Castro García (Universidade da Coruña).

Resumo:

Nesta sección abordáronse as diferentes problemáticas ás que se tiveron que enfrontar as mulleres deportistas profesionais ao longo dos anos e ás que se continúan enfrontando na actualidade; tamén, o importante labor que se leva a cabo dende as asociacións de mulleres deportistas. Ademais, preséntase unha intervención educativa para previr o sexismo a través do contexto físico-deportivo.

## EXPERIENCIAS PARA O CAMBIO (III)

<https://tv.udc.gal/video/620ccd7a11cad135588b4577>

*Comunicacións presentadas:*

**Dance 4 Life:** a danza dende unha perspectiva de xénero. Júlia Serrano Pla, Mercé Mateu Serra e Susanna Soler Prat (INEFC Barcelona).

**Liguilla mixta de boulder de deporte escolar de Guipúscoa.** Koldo Sansinenea, Esteban García de Iturra e Igor Lasa Etxebeste (Federación Guipuscoana de Montaña).

**Referentes de mulleres a través de Más Deportivas: Diario Deportivo Digital Especializado en Deporte practicado por Mujeres.** Nuria Castro Lemus e Esther Rodríguez Vidales (Universidade de Sevilla).

**Promover o liderado e apoderamento feminino mediante a educación física.** Elisa García Obrero (Universidade Complutense de Madrid).

**Traballando a igualdade con mulleres e homes con discapacidade intelectual nun centro ocupacional.** Marta Fernández, Mar Pañuelas e Esmeralda Ordoño (Centro Ocupacional Carabanchel).

*Resumo:*

Neste bloque preséntanse cinco intervencións concretas desde as cales cambiar a realidade e o sexismo no deporte a través do traballo en diferentes ámbitos como o educativo, o federativo ou os medios de comunicación; sen esquecerse de ter en conta as persoas con discapacidade nesta loita.

## OBRADOIROS

### CREACIÓN DE ESTRATEXIAS PARA A IGUALDADE NO DEPORTE

Para finalizar a Xornada, tiveron lugar catro obradoiros simultáneos. Non foron gravados, pero a partir deles redactáronse unha serie de conclusións e reflexións co fin de facelas accesibles a quen tiver interese nelas.

Obradoiro:

**Prevención da violencia de xénero en educación física.** Elena Ramírez Rico (Universidade Complutense de Madrid) e Joaquín Piedra de la Cuadra (Universidade de Sevilla).

Resumo:

O taller iniciouse cunha actividade participativa en que todas as asistentes debían asignar de forma anónima tres palabras vinculadas á coeducación. Utilizando os termos compartidos, definiuse o concepto e cuestionouse en que modo estaban eses conceptos ligados á coeducación.

A partir de aquí, presentáronse materiais útiles para o contexto educativo: a guía educativa para o profesorado **12 razóns para educar as masculinidades en EF** da UAH, a **Guía do deporte inclusivo para persoas LGTB** da Agrupación ADI, os programas **Coaching Boys into Men** do CBIM e **Changing the Game** do GLSEN; o documento Taking action against discrimination in Physical Education and Sport do Consello de Europa, o documento **Sexual and Gender Diversity in Physical Education and Sports** do CFLGBT e o **Manifesto for Inclusive Physical Education** redactado por LEAP Sports.

Posteriormente, seleccionouse un contexto educativo real e con potencial de traballo próximo a algunha das participantes do taller. Primeiramente, expuxéronse as diferentes posibles áreas de traballo desde as que abordar as violencias de xénero: contidos, metodoloxía, avaliación da EF; recreo, premios, RRSS, familia, actividades complementarias, formación de profesionais etc.

Unha vez determinadas as áreas, concluíuse o taller elaborando de forma conxunta propostas de actuación específicas para realizar dentro de cada área de traballo:

#### ·CONTIDOS

- Deportes alternativos (diversidade corporal, distintos niveis de competencia motriz etc.).
- Bailes de estilos máis próximos ao masculino (coidado coas letras).

#### ·METODOLOXÍAS

- Expor outras metas non competitivas (xogos cooperativos).
- Visibilizar colectivos marxinados e pouco presentes.
- Mirar aos ollos ao falar co/a docente.
- Metodoloxías abertas.
- Fomentar o diálogo (traballo de emocións).
- Caixa de suxestións anónima (escoitar ao alumnado).
- Implicar o alumnado na programación e actividades que se van desenvolver.
- Outras formas de avaliar non centradas na execución. Valorar o progreso. Coavaliación e autoavaliación.
- Ser coherentes e dar exemplo.
- Educar como espectadores.
- Linguaxe inclusiva e traballar sobre o currículo oculto.

#### ·RECREOS-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Patios coeducativos (ruptura do monopolio de determinados deportes moi estereotipados e fomentar outras posibilidades de uso máis inclusivo do tempo non lectivo do horario escolar).



Obradoiro:

**Estratexias para a igualdade en xestión deportiva.** Elvira Hidalgo Rodríguez (Universidade de La Laguna).

*Resumo:*

Este taller, entre outras ideas, abordou a necesidade de planificar de forma estratéxica aplicando sempre a perspectiva de xénero. Falouse de que este tipo de planificación debería incluír equipos multidisciplinares, tendo en conta os axentes socializadores (institucións, medios de comunicación, familias, centros educativos, grupos de iguais e a propia linguaxe) e a importancia de elaborar un plan estratéxico específico en materia de igualdade de xénero, ou incorporar a perspectiva de xénero ao plan estratéxico xeral de actividade físico-deportiva. Do mesmo xeito, debería facer partícipe a todas as persoas que compoñen os equipos, así como crear indicadores (por exemplo, unificando criterios) para medir o impacto de xénero.

A nivel político tamén se deixou en evidencia que son necesarias accións contundentes en diferentes contextos e esixindo que a administración pública asuma a responsabilidade de velar pola igualdade de xénero. Entre as propostas comentadas destacouuse a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero dentro da regulación dos educadores e as educadoras físico-deportivas, así como un pacto de estado pola igualdade no deporte. Tamén, a creación de comités/comisións de igualdade dentro das entidades deportivas. Púxose de exemplo a Comisión MELL (Mulleres na Loita Canaria), da Federación de Loita Canaria (mostrouse un vídeo desta comisión).

Comentouse a importancia da creación de observatorios específicos en materia de igualdade na actividade físico-deportiva, onde se supervise, axude etc., as diferentes entidades (creación de códigos éticos, protocolos para a prevención e detección do acoso por razón de sexo e sexual, medidas de conciliación (<http://www.mejorcompartidas.com/>), comunicación non sexista etc.) e reafirmouse a necesidade de que as mulleres sexan representadas en órganos de decisión.

Reformulouse a idea de “solucionar” a desigualdade con deporte “mixto”, dinámicas de traballo mixtas etc., xa que existe unha necesidade de traballo en grupos non mixtos, segundo o contexto. Esta falsa igualdade impide ás veces incorporar medidas de acción positiva que compensen as desigualdades entre mulleres e homes. Do mesmo xeito, destacouuse a importancia do traballo con homes e nenos: abordar as masculinidades.

Chegouse á conclusión de que se deben visibilizar as mulleres e eliminar estereotipos como que as mulleres se levan mal. Por exemplo, solicitando historias de mulleres referentes que contribuíron no ámbito da actividade física (xestión, arbitraje etc.), para logo difundir o seu labor. Poderíase actuar en diferentes escenarios como nos centros educativos, facultades, exposicións, na denominación de mulleres referentes en espazos e contextos deportivos etc. Tamén se deberían compartir boas prácticas (innovadoras, efectivas, sostibles e transferibles) en materia de igualdade de xénero no ámbito da investigación, achegando información e reflexións en foros, simposios, congresos, revistas etc., sempre optando por unha visión desde a “diversidade” de mulleres e nenas (racializadas, rurais, con diversidade funcional etc.).

No obradorio nomeáronse diferentes normativas e documentos de interese, que poden servir de referencia, aínda que necesitan sempre dunha adaptación ao contexto:

#### Normativas:

- **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (Asemblea das Nacións Unidas).**
- **Lei 1/2019, da actividade física e o deporte de Canarias.**
- **Manifesto pola muller no Deporte (CSD).**
- Plan estratéxico para a igualdade de xénero na actividade física e o deporte (UE 2014-2020) actualmente está dispoñible o ano 2014-2016.

#### Documentos de interese:

- **Claves para a avaliación do impacto de xénero na normativa no ámbito do deporte**, (Instituto Andaluz da Muller. Consellería de Igualdade e Políticas sociais). Este documento completa outro que leva por título "Manual para a elaboración de informes de avaliación de impacto de xénero da normativa".
- **"Ventaxas para a incorporación para a perspectiva de xénero na xestión deportiva"** Este documento inclúe información que se tratou no obradoiro.
- **Guía para incorporar a igualdade nas federacións deportivas (CSD).**
- **Guía para a comunicación igualitaria no deporte (Gobierno vasco).**
- **Guía para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión deportiva.**
- **Guía para a prevención de acoso e abuso sexual a mulleres no deporte.**

Obradoiro:


**Coeducación en educación física.** M.<sup>a</sup> Teresa Bizkarra Morales (Universidade do País Vasco).

*Resumo:*

En primeiro lugar, o taller comezou por repensar que estereotipos e prexuízos temos ao redor das mulleres e os homes no deporte realizando diferentes preguntas que se poden aplicar ao alumnado de EF como, por exemplo:

1. Que cres que se espera dunha muller no deporte? Pon adxectivos ou expectativas.
2. Agora escribe noutro lugar o que pensas que se espera dun home.
3. Coincide o que escribimos en ambos os casos?
4. Cales son as diferenzas e a que cres que se debe?
5. Poderíamos definir que é un estereotipo? ... E un estereotipo de xénero?
6. Por que cres que diferentes autores din que en Educación Física hai máis estereotipos?
7. Coidas que nenas e nenos reciben o mesmo trato nas clases de Educación Física?

Despois, reforzouse a idea de que as diferenzas antropométricas son maiores intrasexo que entre sexos, facendo referencia ao estudo de Chimelo e Neves (2006).



A continuación, explicouse a importancia de facer propostas ás direccións dos centros educativos debido a que os modelos que chegan ás escolas son os dos homes mentres que as nenas carecen de referentes para seguir o seu exemplo. Para iso, o profesorado de EF debe trasladar estes exemplos ás escolas, por exemplo, levando mulleres deportistas a daren charlas, revisando co alumnado os seus logros na prensa etc.

Doutra banda, fíxose unha crítica ao binarismo de xénero no deporte. Exemplificouse esta situación a través do estudo de Vizcarra, Macazaga e Rekalde (2009): as diferenzas de xénero que percibe o alumnado na aula e o rexeitadas que se senten as alumnas na materia (din que os nenos non lles pasan o balón, que teñen que esforzarse moito máis para demostrar que son mellores, que sempre as consideran pasivas, que lles poñen peores notas, que as poñen de últimas, que se senten invisibles...). Ademais, o alumnado de EF manifesta que quere desenvolver a clase sen disgregación por xénero; en moitas ocasións o profesorado fai que se perpetúen eses estereotipos.

Reflexionouse sobre como podería revertirse esta situación na aula de EF a través de estratexias prácticas como, por exemplo:

- Facer pequenos grupos para as tarefas.
- Non realizar deportes colectivos con equipos grandes.
- Preguntar ao alumnado que actividades lles interesa facer.
- Repartir o espazo equitativamente, realizar a avaliación tendo en conta o propio proceso e de maneira individualizada.



Ademais, compartíronse distintos exemplos de actividades que se poderían realizar aproveitando o horario de titoría, tales como: traballos de indagación, dilemas morais, role playing e reflexións sobre a linguaxe sexista. Algúns exemplos son os seguintes:

#### DILEMAS MORAIS:

Susana é a adestradora do equipo de balonmán do centro. Para xogar a final da liga escolar ten que escoller 14 das súas 15 xogadoras e ten dúas opcións: deixar fóra a Rosa, que é nova, comezou este ano, está a esforzarse moito, pero aínda non xoga moi ben; ou deixar fóra a Marta que, aínda que non foi a adestrar en toda a semana, é moi boa e marca moitos goles

- A quen debería deixar fóra?, a Rosa que se está esforzando e implicando moito nos adestramentos?, ou a Marta, que non se está implicando, pero pode facer que gañen o partido?

#### PARA ADIVIÑAR:

Un pai e o seu fillo van de excursión, no camiño teñen un accidente, o fillo está moi grave e lévannos ao hospital para que o operen. Chaman a unha eminencia médica para que o opere, pero cando chega ao quirófano di:

- “Non podo operalo, é fillo meu!”
- Que explicación se lle pode dar a este feito?

#### ROLE PLAYING ou REFLEXIÓN COLECTIVA:

María, sempre xogou ao fútbol e é boísimá. Sempre foi a mellor de clase, moito mellor que os mozos; desde que pasamos ao instituto vístese coma se fose un mozo e pedíume que lle chame Mario. Apuntouse nun equipo de fútbol de mozos, dime que o que máis lle gusta neste mundo é xogar ao fútbol e que sería capaz de facer calquera cousa por xogar. Di que se ten que se disfrazar de mozo que o fará. Quere xogar no Athletic, pero non no equipo de mozas.

- Que deberíamos facer?
- Como deberíamos aconsellalo?

## ALGÚNS RECURSOS MÁIS QUE SE ACHEGARON FORON:

“Homenaxe ás primeiras raquetistas profesionais”  
“Raquetistas antes e agora”

Obradoiro:

**Busca de novas masculinidades e deporte.**- Uxue Fernández Lasa (Universidade do País Vasco).

*Resumo:*

O taller comezou analizando, dun modo moi xenérico, que son os estereotipos de xénero e que repercusións teñen nas nosas vivencias e desenvolvemento persoal. A continuación, grazas a actividades participativas, fóronse debullando algúns aspectos esenciais para entender a construción da masculinidade no deporte. Así, por exemplo, pedíáselles ás persoas asistentes que dixesen en voz alta o primeiro deportista que lles viñese á cabeza. Como non foi de estrañar, todos os deportistas coincidían en certas particularidades como, por exemplo, cumprir coas características propias da masculinidade hexemónica.

Grazas a esta tarefa e un debate centrado na análise de varias afirmacións relacionadas coa bondade do deporte e a supremacía dos homes neste ámbito, a dinamizadora do taller fixo que se fose reflexionando sobre algúns aspectos ao redor de como se constrúe e se representan as masculinidades no deporte, desde a Teoría da masculinidade hexemónica de Connell, e a Teoría da masculinidade inclusiva de Anderson. Tras esta análise, detectouse como este contexto segue sendo unha ferramenta de transmisión de identidades binarias e contrapostas, onde a hiper-masculinidade e os valores de sacrificio e a hipercompetitividade (“gañar custe o que custar”) están á cabeza, destacando tamén tanto a homofobia como o sexismo, así como a promoción e normalización da(s) violencia(s).

Finalmente, achegáronse diferentes ideas ou reflexións, sobre como podemos abordar o cambio desde o ámbito educativo, o recreativo e o deportivo propiamente dito. Algunhas destas ideas, a modo de resumo, serían:

- Involucrar aos homes como parte da solución.
- Deconstruír o sistema sexo-xénero.
- Repensar o noso papel no contexto físico-deportivo e adoptar un rol activo como axentes de cambio.
- Promover, deseñar e levar a cabo políticas e programas de transformación:
  - Promover máis o xogo e reducir o deporte organizado, sobre todo en etapas de formación, para fuxir do sistema en que se mide a autoestima e o éxito en función das vitorias.
  - Eliminar a promoción da(s) violencia(s) do deporte, limitando certas prácticas corporais e sancionando os comportamentos punibles.
  - Ben sexa reformulando os regulamentos, fomentando a formación en xénero tanto nos estudos de xestión deportiva como nos estudos de profesorado, ou desenvolvendo programas de intervención con nenos e homes.

En conclusión, trátase de utilizar o deporte como ferramenta de resistencia e transformación da masculinidade hexemónica e visibilizar outras masculinidades.

## ALGÚNS RECURSOS MÁIS QUE SE ACHEGARON FORON:

### Vídeos para reflexión

“Clonar un home”.- Iván Roiz

“A masculinidade e o fútbol”.- Irantzu Varela

“#Yoagentedelcambio: Eneko Lambea”

### Guías e publicacións de interese

Revista Tándem, n.º 60. “Desmontando os estereotipos de xénero en EF”

Fernández García (dir.) et al. 2010. “Guía PAFiC, para a Promoción da Actividade Física en Chicas”. Instituto da Mujer do Ministerio de Igualdade.

González Béjar et al. 2020 “12 razóns para educar as masculinidades en EF. Guía educativa para o profesorado”.

